



Lucía Comesaña

Realizou os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Vigo. Titulada en instrumentos de música tradicional e popular e etnomusicoloxía.

Formou parte das agrupacións *Proyecto de Foler*, *Matamá Ensemble* ou *Paínho do Mal Tempo*.

Galardonada tanto no campo interpretativo como no campo musicolóxico en diversas ocasións.

LUCÍA COMESAÑA

MESTRA DE MUSICOLOXÍA

Historial Académico

Titulada superior nas especialidades de instrumentos de música tradicional e popular e de etnomusicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo, e titulada de Máster Universitario en Patrimonio Musical pola Universidad Internacional de Andalucía.

Na actualidade, cursa estudos superiores de clarinete no citado conservatorio vigués.

Completa a súa formación musical asistindo a cursos e master classes de gaita con mestres como Paulo P. (técnicas estendidas para gaita e repertorio barroco francés), Pedro Lamas, Iván Costa, Juan Casalderrey (afinación), etc.; de zanfona con Germán Díaz, Matthias Loibner, Gilles Chabenat, Patrick Bouffard, Gregory Jolivet, Anxo Pintos ou Valentin Clastrier, entre outros; de clarinete, con mestres como Antonio Saiote, Josep Sancho, Nuno Pinto, Joaquín Meijide, Vitor Matos ou o prestixioso cuarteto *Vienna Clarinet Connection*.

Experiencia

Foi integrante de formacións como *Proyecto de Foler*, *Matamá Ensemble* ou *Paínho do Mal Tempo*, resultando premiada en diferentes concursos de música tradicional e folk cos dous últimos: 1º premio no II Certamen Folk de Plasencia (Cáceres, 2010); 1º premio no Concurso de Música Tradicional de Luou (A Coruña, 2009, 2011); 1º premio no Concurso de Cuartetos Toxos e Froles de Ferrol (2012); 1º premio no Concurso de Música Tradicional de Cervo (Lugo, 2010), etc.

Como gaiteira solista salienta o 2º premio gañado no V Concurso de Interpretación Musical Ciudad de Baeza (Xaén, 2013).

Actualmente, forma parte do grupo de recente creación *Meiró*. Colaborou como gaiteira e zanfonista solista con diferentes agrupacións, como a Banda de Música de Pontevedra, a Banda Sinfónica do CSM de Vigo, a Banda-Escola de Música de Beade, a Agrupación Musical Atlántida de Matamá, a Banda de Música Municipal de Valga, a Banda de Música Popular de Rubiós, a Banda Bingre Canelense de Aveiro (Portugal), ou a Banda Sinfónica Ciudad de Baeza (Xaén).

No campo de etnomusicoloxía foi galardonada coa *Beca de Investigación en Folclore 2014*, outorgada por CIOFF-ESPAÑA (Consejo Internacional de Organizaciones de Festivales de Folklore y de las Artes Tradicionales) e o INAEM (Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música - Ministerio de Educación, Cultura y Deporte).

O seu labor interpretativo e investigador se compaxina coa docencia en diferentes agrupacións e escolas de música.